



Concello de Xunzo de Limia

“DECRETO ELEVACIÓN A DEFINITIVA DA BAREMACIÓN DE MÉRITOS E PUNTUACIÓN TOTAL SELECCIÓN DE ASPIRANTES E RESERVAS. ALUMNOS-TRABALLADORES DO OBRADOIRO DE EMPREGO DO PEREGRINO XUNZO DE LIMIA E SANDIÁS 2024-2025.

Vistos os Decretos de data 14/11/2024 e 19/11/2024, polo que se aprobou a listaxe definitivas de admitidos e excluídos, a puntuación de definitiva da fase de entrevista e a puntuación provisional de méritos dos alumnos/as-traballadores/as do obradoiro de emprego.

Vista acta do grupo de traballo de data 21/11/2024 na que se resolven as alegacións e subsanacións presentadas e se recollen as puntuacións definitivas da baremación de méritos e a puntuación total.

RESOLVO

1) Elevar a definitiva a puntuación provisional do baremo de méritos obxectivos así como a conseguinte puntuación total segundo consta na listaxe asinada polo tribunal/ grupo de traballo.

2) Aprobado a proposta de aspirantes seleccionados para cada módulo e a listaxe reserva segundo consta na acta do tribunal/ grupo de traballo.

3) Indicar ós aspirantes seleccionados que deben chegar, no prazo dun día hábil, a contar dende o día da publicación deste decreto, a seguinte documentación, no caso de non tela aportado previamente:

Fotocopia do documento nacional de identidade en vigor ou documento que proceda.

Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios da Comunidade Autónoma, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non ter sido inhabilitado/a, ou en situación equivalente, nin haber sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Informe ou certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o normal exercicio das funcións correspondentes á praza á que se opta.

Fotocopia da cartilla da Seguridade Social.

Indicación do número de conta bancaria.

4) Notificar este Decreto á Oficina de emprego de Xunzo de Limia para que proceda a comprobar o cumprimento dos requisitos para participar no proxecto por parte dos seleccionados con carácter previo a contratación dos mesmos.

5) Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Xunzo de Limia e do Concello de Sandiás, expresando o réxime de recursos que caiban contra o presente acordo.

6) Notificar o presente acordo o Concello de Sandiás, a Oficina de emprego de Xunzo de Limia e a Consellería de Emprego.

7) Dar conta da presente resolución ó Plenario municipal.”

Documento asinado electrónicamente

Amador Díaz Penín (1 para 2)
Dado en Xunzo de Limia, a 25/11/2024
D.N.I. 31111111
HASH: b561f56687593e8d808f6126c13377d



Marta Meriá Gómez Ruiz (2 para 2)
Dado en Xunzo de Limia, a 25/11/2024
D.N.I. 31111111
HASH: 8d1e7a54e1484006d3d77482b9915a



DECRETO
Número: 2024-2376 Data: 25/11/2024

Cod. Validación: 3PW4DT5DEL2FF7JZECFNMD3A
Corrección: https://xunzodelimia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 1 a 1

